



DECLARADA DE UTILIDAD PÚBLICA

CONFEDERACIÓN ESTATAL
DE PERSONAS SORDAS

Félix Estrada Catoira, 3 Bajo Dcha. 15007 A CORUÑA Teléfono: 981 16 93 36 Fax 981 15 43 16 faxpg@faxpg.es www.faxpg.es

ACORDO DE CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE

Dunha parte, a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), con CIF G15068091, e con domicilio a efectos de notificación na rúa Félix Estrada Catoira, 3 Bj Drcha A Coruña, en adiante A FEDERACIÓN.

E doutra:

_____, con número de DNI _____, e con domicilio a efectos de notificación na rúa _____.

e _____, con número de DNI _____, e con domicilio a efectos de notificación na rúa _____.

Como representantes legais da/ do menor _____.

Por este acordo, expresamente autorizamos Á FEDERACIÓN, así como a todas aquelas persoas físicas ou xurídicas ás que esta poida ceder os dereitos de explotación sobre a totalidade das imaxes ou parte das mesmas; a que poida empregar por completo ou en parte aquelas nas que intervén a nosa filla/o noso fillo, nos termos acordados e reflectidos no presente acordo. de conformidade co establecido na normativa vixente en materia de Protección de Datos, coa exclusiva finalidade de mostrar as actividades e servizos realizados pola mesma.

A autorización para a gravación e o emprego das imaxes faise ao amparo do indicado na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de Protección Civil do Dereito á Honra, á Intimidade Persoal e Familiar e á Propia Imaxe. Así mesmo, A FEDERACIÓN comprométese a que a utilización das imaxes obxecto de autorización en ningún caso suporá un dano á honra e intimidade do menor, nin será contraria aos seus intereses, respectando a normativa en materia de protección de datos e protección xurídica do menor.

A autorización para a gravación á que se refire este acordo “**Concurso Cantamos coas Mans**”, realizada en data ___/___/___ e en _____, non estará sometida a ningún prazo ou termo temporal, ou restrinxida a ningún ámbito territorial concreto e terá un uso unicamente relacionado coa difusión das actividades da FEDERACIÓN e non comercial, en concreto:

- *Difusión de actividades e eventos na páxina web da FEDERACIÓN, blogue e redes sociais da mesma.*
- *Uso interno en proxectos e memorias da FEDERACIÓN.*
- *Documentos e material gráfico (carteis, folletos e manuais).*
- *Difusión en medios de comunicación e en páxinas de noticias que informen sobre as actividades realizadas desde a FEDERACIÓN.*



DECLARADA DE UTILIDAD PÚBLICA



Félix Estrada Catoira, 3 Bajo Dcha. 15007 A CORUÑA Teléfono: 981 16 93 36 Fax 981 15 43 16 faxpg@faxpg.es www.faxpg.es

- *Proxección durante o acto ou actos que se organicen desde a FEDERACIÓN referentes ao concurso.*

A autorización refírese á totalidade de usos que poidan ter as imaxes, ou partes das mesmas, nas que aparece a nosa filla/o noso fillo, empregando os medios técnicos coñecidos na actualidade e os que puideran desenvolverse no futuro.

Así mesmo, vostede ten dereito a opoñerse e/ou retirar o consentimento ao tratamento dos datos indicado anteriormente, no seu caso, e en calquera momento, sen que iso afecte á licitude do tratamento baseado no/os consentimento/s previo/s á súa retirada, mediante notificación ao responsable do tratamento na dirección anteriormente indicada.

Á FEDERACIÓN non elaborará ningún tipo de “perfil”, en base á información facilitada. Non se tomarán decisións automatizadas en base a perfís.

Igualmente, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, supresión, oposición, limitación do tratamento, portabilidade de datos e a non ser obxecto de decisións individualizadas, automatizadas, en relación cos datos obxecto do tratamento, ante o responsable do tratamento na dirección mencionada, achegando copia do seu DNI ou documento equivalente. No caso de que non obtivese satisfacción no exercicio dos seus dereitos, pode presentar unha reclamación ante a Autoridade de Control en materia Protección de Datos competente, sendo esta a Axencia Española de Protección de Datos, e cuxos datos de contacto están accesibles en <https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/vistas/formNuevaReclamacion/reclamacion.jsf>

Aceptando estar conforme co presente acordo e tendo capacidade legal para adoptalo:

A FEDERACIÓN

Sinatura da/do representante legal

Sinatura da/do representante legal

En _____, a ____ de _____ de 202_